

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA LICITACIÓN DA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO PARA O EXERCICIO 2017

O Alcalde, por decreto de 15 de xuño de 2017, acordou a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación da operación de préstamo, por importe de 2.500.000,00€, destinada ao financiamento de diversas finalidades incluídas no Anexo de Investimentos do Orzamento Xeral para o exercicio de 2017; de acordo coas seguintes condicións financeiras:

— *Importe máximo:* 2.500.000,00 €. Este importe se configura como importe máximo da operación. Non obstante poderán realizarse adxudicacións parciais de acordo cos seguintes tramos ou fraccións:

- Ata 500.000,00 €
- Ata 1.000.000,00 €
- Ata 2.000.000,00 €
- Ata 2.500.000,00 €

A tal efecto as Entidades Financeiras poderán realizar ofertas á totalidade ou a todos ou parte dos tramos sinalados, ofertando condicións diferenciadas para cada un deles de acordo co modelo de proposición adxunto no anexo I. No caso de non especificarse na proposición entenderase que as condicións ofertadas para un tramo son as mesmas que para os tramos anteriores ou fracción. A adxudicación poderá realizarse a varias entidades dentro destes tramos tal como se detalla na cláusula 20ª.

- Tipo de operación: Préstamo a longo prazo.
- Prazo de operación: 12 anos (incluídos 2 de carencia).
- Período de carencia: 2 anos.
- Prazo de amortización: 10 anos, coincidentes coa vida do préstamo.
- Períodos de amortización: Trimestres naturais vencidos.
- Liquidación de intereses: Trimestres naturais vencidos.
- Cota: Trimestral, comprensiva de amortización de capital e intereses.
- Tipos de xuro: Tipo variable: Referenciado a EURIBOR tres meses+ diferencial, segundo se especifica na cláusula 8ª.
- Amortización anticipada: Por parte do Concello poderá anticipar, total ou parcialmente, a amortización do préstamo, cun preaviso de un mes, sen custe.



Luns, 10 de xullo de 2017

Núm. 131

— Disposición do préstamo: O seu importe desembolsado, conxunta ou fraccionadamente, durante os DOUS primeiros anos exclusivamente, a solicitude da parte prestataria mediante ingreso na conta aberta na Entidade co número de conta a determinar pola adxudicataria.

Tan só devengarán intereses as cantidades efectivamente abonadas na conta da parte prestataria a partir da súa entrega.

O Coste Financeiro do Estado (CFE) tendo en conta a Resolución en vigor na data apertura proceso licitación, isto é, a publicada pola Dirección Xeral do Tesouro de data 2 de xuño de 2017 (BOE 06/06/17) se calcula en 61 puntos básicos.

O citado Prego poderá ser consultado nas oficinas do Órgano municipal de Xestión Orzamentaria e de Contabilidade.

As ofertas poderán ser presentadas, en virtude do establecido na cláusula 14^a do Prego, en soporte físico ou papel na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros do Concello de Pontevedra (antes Rexistro Xeral), no seu horario de apertura (de 09,00 a 13,00 do 16 de xuño ao 15 de setembro, ou de 08,30 horas a 13,30 horas o resto do ano) dentro do prazo de quince días naturais, contados a partires do día seguinte á publicación do anuncio de licitación no B.O.P.

Pontevedra, 29 de xuño de 2017.—O Concelleiro Delegado da Área de Contratación e Facenda, Raimundo González Carballo.

Código seguro de verificación: R30CYLUCTTQVQBSS

